

Non pasa un día sin que dende os medios de comunicación nos chegue algunha noticia referente a novos avances no eido da biotecnoloxía. Palabras como clónico e transxénico xa están a formar parte da nosa fala do día a día. Falannos de xeito case que categórico dos grandes beneficios que a biotecnoloxía nos pode reportar: aumentos na produtividade dos cultivos e dos animais, avances na medicina, alimentos máis sans, redución na aplicación de produtos fitosanitarios, pero non nos falan dos riscos que importa, ben sexan económicos, ecolóxicos, ou para a nosa saúde. Detrás de todos estes 'bens para a humanidade' hai unha chea de intereses económicos, de xeito que as grandes empresas transnacionais queren facernos crer que a biotecnoloxía é a solución de moitos dos nosos problemas.